

A AELG premia a Xosé Manuel Beiras coa Letra E polas súas achegas á lingua galega

La Voz SANTIAGO / LA VOZ

Será no parque de Galeras, onde se descubrirá un monolito

12 xuño 2025

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2025/06/12/span-langgl-aelg-premia-xose-manuel-beiras-coa-letra-polas-suas-achegas-a-lingua-galega-span/0003_202506S12C4994.htm

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) recoñecerá este sábado a Xosé Manuel Beiras coa Letra E, que destaca a figuras insignes das letras galegas. O acto comezará ás 11.30 horas no parque de Galeras, onde se descubrirá un monólito e se plantará unha árbore, neste caso un teixo, escollido polo propio autor. Intervirán a rexedora, Goretti Sanmartín; o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez; e Xosé Manuel Beiras. A entrega da Letra E celebrárase, ás 12.30 horas, no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), onde se lle fará entrega da peza escultórica, que foi elaborada por Silverio Rivas.